



## Anxo Núñez, candidato do BNG á alcaldía de Outes

# O noso compromiso é facer de Outes un lugar para vivir, medrar, traballar e desfrutar

Anxo Núñez Fernández, concelleiro dende 2019, programador informático, fillo de Encarna do Lestello (a de Cadena Cien) e de José do Pexego, vén de ser nomeado candidato do BNG á alcaldía de Outes. As súas primeiras palabras foron 'asumo esta responsabilidade coa ilusión de arranxar os problemas de raíz de Outes e facelo medrar xunto coa forza que me dá o forte equipo humano que é o BNG'.

Engadindo que 'afrontamos esta nova etapa co respaldo e a garantía de ter feito ben o noso traballo como alternativa de goberno estes anos. Quero facer unha mención especial a María Xosé, a quen lle estamos fondamente agradecidas e agradecidos pola inmensa adicación que fixo ao longo destes anos como voceira do bloque'.

Dende o primeiro momento de 2019, fomos amosando, co noso traballo constante e construtivo, o noso proxecto de goberno para facer avanzar Outes. Un proxecto que ten propostas en todos os ámbitos para mellorar a calidade de vida das persoas

que viven no noso concello. Traballamos sempre por darlle voz a toda a veciñanza, sexan da parroquia que sexan, insistindo nas necesidades máis urxentes que seguen sen que o goberno lles dea solución.

Nestes anos puidemos comprobar como o goberno de Manolo González non foi quen de cumprir as expectativas xeradas hai uns anos, nin tampouco foron quen de arranxar os problemas máis sinxelos do día a día, moitos dos cais recolleron nas reunións parroquiais.

No Bloque ofrecemos un proxecto serio feito dende e para Outes, queremos mellorar a vida das e dos outenses, mantendo un contacto constante coa veciñanza e facéndoa partícipe dos necesarios cambios que aínda están por facer.

*Queremos que Outes saia do inmovilismo e comece a medrar, que sexa referente de bo goberno. É por iso polo que traballamos con máis forzas que nunca de cara ás eleccións do vindeiro mes de maio.*



Imaxe da entrevista ao noso candidato á alcaldía, Anxo Núñez Fernández, en Canal Rías Baixas

## Centos de propostas presentadas ao longo destes anos que apoian o noso proxecto

# A alternativa de goberno que Outes precisa

Dende xuño do 2019, o concelleiro, Anxo Núñez, e a concelleira, María Xosé Suárez, mantiveron un ritmo constante de traballo con iniciativas no pleno de Outes para poñer o foco nos problemas da veciñanza e achegar as solucións precisas. Somos o grupo municipal que máis propostas e actividade de control realizou ao longo destes anos e fixémoslo sempre con total vontade de diálogo, poñendo sempre coma obxectivo mellorar a vida da veciñanza.


Moitas das nosas propostas foron aprobadas, mais, por desgraza, o alcalde foi incapaz de cumprilas. Por iso, hoxe o noso compromiso é rescatalas e levalas a término. Elaboraremos un plan de saneamento integral das augas residuais, acometeremos a mellora da xestión do lixo, o coidado e correcto mantemento dos espazos e estradas públicas, o reforzo nos servizos sociais, a humanización completa de rúas e lugares, a posta en marcha dun servizo de transporte municipal o asentamento poboacional e a creación de oportunidades económicas.

Ao longo deste mandato tivemos que ver como o goberno de Compromiso Outes defraudou por completo as expectativas da veciñanza, non só non cumpriron co seu programa electoral se non que cometeron serias irresponsabilidades á hora de xestionar o día a día de Outes. A desorganización foi tal que o goberno esqueceu prorrogar, en tempo e forma, o contrato máis importante do noso concello: o servizo de axuda no fogar (SAF). Non foi até cinco meses despois de que rematara a vixencia do

contrato, que o goberno decidiu a prórroga do mesmo, poñendo ao servizo, ás traballadoras e a todas as persoas usuarias pendendo dun fío por non contar coas garantías legais. O BNG propuxo e segue insistindo en facer o que indican os servizos legais municipais: facer unha nova licitación para blindar este servizo.

As nosas iniciativas en relación co Plan de Obras da Deputación deron os seus froitos e hoxe son ou están a piques de ser realidade, grazas ao BNG, proxectos como o arranxo da escola de Tarás, do club Taxamar, o arranxo e adecentamento de todos os paseos municipais, a humanización de rúas, a creación duns baños públicos en Broña, a creación da primeira vivenda pública de Outes ou a creación dunha sala de ensaio musical aberta.

No vindeiro mes de maio, a veciñanza do noso concello, ten unha nova oportunidade para escoller un novo rumbo e nós temos o proxecto, a forza e a ilusión para acometer os cambios que a veciñanza precisa, para gobernar para e coa xente.



Abre a páxina para continuar lendo



## O BNG conseguiu un reforzo no persoal do PAI no medio dunha situación límite

O goberno de Compromiso tamén levaba no seu programa a creación dunha escola infantil. Tan logo chegaron ao goberno do concello, modificaron o regulamento para aumentar o horario, regular o acceso e cobrar segundo os ingresos das familias. Insistiron antes e durante o goberno que a súa prioridade era a conciliación familiar e laboral e aínda así tivemos que ver situacións límite ao longo destes anos no Punto de Atención á Infancia (PAI).

En outubro de 2021 a baixa dunha das traballadoras e o incremento de matrícula na franxa de idade de 0 a 1 anos, volveu nunha situación perigosa para a seguridade das nenas e nenos. 7 bebés gateaban nun espazo de dous por dous, separado por coxíns do resto da aula, onde 12 crianzas entre 1 e 3 anos tentaban xogar e facer as actividades que dúas coidadoras desbordadas trataban de organizar.



Soledad Agra Tuñas, en fronte do Punto de Atención á Infancia (PAI)

As queixas das familias diante do alcalde só atoparon malas respostas: “é o que hai”, “xa sabíades como eran as instalacións antes de matricularlos”, “se non o queres traer, non é obrigatorio”. Grazas ao traballo do BNG, con iniciativas e protestas, conseguiuuse que o goberno finalmente procedera a contratar dúas persoas máis para reforzar o servizo, e que se comezara co proceso de selección de persoal para ter unha bolsa de emprego que permitira cubrir as baixas.

En canto ao coidado dos máis cativos e cativas tamén tivemos que ver nestes últimos anos unha situación que precisa de medidas urxentes: a falta de substitución do pediatría. Isto vémolos acompañado con declaracións de cargos do PP: “non pode haber servizo de pediatría en cada concello”. Nós mantémonos firmes na defensa duns servizos públicos de calidade e seguimos esixindo blindar a praza de pediatría de Outes e o reforzo de persoal nos casos onde sexa preciso.

## Crearemos unha liña de axudas para rehabilitar inmóbeis destinados a vivendas de aluguer

Outes leva moitos anos tendo un serio problema de acceso á vivenda. Cantas veces vemos como hai xente buscando casa ou piso durante meses sen atopar ningún dispoñible? Son moitos os veciños e veciñas que marcharon ao longo dos anos por non poderen atopar unha vivenda no noso concello e ese é un problema de vital importancia que debemos arranxar canda antes.

No ano 2019 presentamos unha moción con este obxectivo que agora convertemos nun compromiso de goberno: imos crear unha liña de axudas para rehabilitar inmóbeis con destino a vivendas de aluguer, a un prezo xusto e accesíbel e crear unha bolsa de vivenda, un directorio municipal onde anunciar e fomentar a posta en aluguer de casas ou pisos. O ano pasado tivo lugar a aprobación da que será a primeira vivenda pública no noso concello, grazas as nosas propostas.

Outes é un lugar perfecto para vivir e precisamos que a mocidade poida facer os seus proxectos de vida aquí. Facendo isto, gañaremos sempre en vida nas rúas e en ledicia nos lugares, mais tamén gañaremos en servizos e calidade de vida.



## O BNG fará un arranxo integral da piscina municipal e potenciará as actividades deportivas

O deporte é unha das áreas de actuación fundamental que debe ter en conta unha axeitada xestión municipal. Como sabemos, os beneficios do deporte, tanto no que respecta á saúde (física e mental) como no tocante á economía, son inmensos. Por iso, o BNG, gobernará para contribuír á promoción e proliferación das actividades deportivas en Outes.

Por un lado, remataremos coa situación inaceptábel na que se atopa a piscina polo desleixo absoluto do goberno local. Acometeremos tamén reformas no pavillón do Cruceiro de Roo, que adoece dunha serie de problemas estruturais dende a súa edificación (principalmente a acumulación de auga) e que o goberno pretende solucionar coa chapuza de colocar máis dunha ducia de ventiladores. Comprometémonos a ter un contacto directo e de primeira man cos



Saúl Suárez del Río, en fronte da Piscina Municipal

clubs que conforman este tecido no noso concello, así como con todas as persoas deportistas e usuarias das instalacións municipais. Tamén conseguimos o arranxo das instalacións do club de piragüismo de Ponte Nafonso e propoñemos crear unha aplicación móbil que permitirá xestionar, para quen o desexe e de xeito sinxelo, as reservas das instalacións municipais e as inscricións ás distintas actividades que nelas se ofertan, algo que xa se debería ter acometido durante a pandemia.

Por riba de todo, o noso obxectivo é continuar traballando para que Outes sexa un referente a nivel deportivo para os concellos da nosa contorna, sendo capaces de ofertar opcións completas e diferentes que interesen a todas as persoas que queiran empezar ou seguir practicando deporte no noso municipio.



## O BNG propón nos orzamentos da Xunta e do Estado un investimento de máis de 3 millóns de euros en Outes

Para este ano, o BNG, presentou numerosas propostas para a comarca e concello de Outes nos orzamentos da Xunta e do Estado. Propostas tan urxentes e necesarias coma a construción de vivenda pública, melloras no saneamento, a construción dunha residencia de maiores pública, recuperación de hábitats naturais na Marea ou incluso a tan prometida reforma da Avd.de Fisterra, pola que as e os outenses levamos agardando máis de 10 anos.

Outra medida urxente é a mellora da seguridade viaria na estrada xeral (AC-550) que na actualidade conta con tramos moi danados e perigosos e para a que tamén propoñemos a creación de sendeiros peonís, novas beirarrúas e carrís bici, aproveitando os fondos europeos. No apartado de mobilidade seguimos apostando pola creación dunha liña de bus comarcal que pase frecuentemente e con boas conexións a Santiago e outras comarcas, mais tamén demandamos do Estado o estudo dun enlace ferroviario para a comarca. PP na Xunta e PSOE no Estado, negáronse a recoller as nosas iniciativas, mais seguiremos traballando en positivo e con forza para conseguirmos ter a Ana Pontón de Presidenta da Xunta de Galiza e frear o esquecemento ao que teñen sometido o noso concello.



Candidatos á alcaldía na comarca de Muros Noia coa voceira nacional do BNG e coa nosa responsábel comarcal

## Queremos escoitarche

Todo o noso traballo sempre ten un único obxectivo: mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza. Para iso buscamos manter un contacto directo e constante, ben sexa a través de asembleas parroquiais, visitas ás distintas rúas e lugares do noso concello ou a través das redes sociais. Queremos escoitar a túa voz e saber das túas propostas para facermos un Outes mellor. Así é como entendemos que debe ser a política, por, para e coa xente. Se nos queres facer chegar algo non dubides falarnos a través das nosas redes sociais “bng de outes” ou no noso correo electrónico: [outes@bng.gal](mailto:outes@bng.gal)



Concentración convocada polo BNG en defensa da Ponte Nafonso

## A loita do BNG en defensa da Ponte Nafonso

A tan agardada restauración da Ponte Nafonso comezou no 2021 con todas as expectativas postas nela. A nosa ponte estaba moi deteriorada polo paso do tempo e das diferentes actuacións que se fixeran para o tráfico rodado, tanto na súa aparencia como na súa estrutura. A decisión irresponsable do Partido Popular na Xunta de manter a roza de Telefónica no enlousado orixinal, en troques de obrigar á compañía a retirar o cableado, é unha das partes centrais dos problemas con esta actuación. Esta decisión fixo que se rematara por formigonar enriba para preparar o novo adoquinado.

O BNG actuou rápido e pediu a paralización da obra en outubro do 2021 para que se retiraran as tubaxes, recuperar o peitoril orixinal, recuperar as lousas orixinais e completar con outras semellantes a roza que se fixera para os cables.

Ante as nosas demandas, o alcalde Manolo González, dixo que “a restauración da ponte era unha cuestión de gustos, e que a eles lle gustaba como estaba quedando a obra”, para a continuación expulsar do pleno á nosa portavoz. O BNG presentou no Parlamento galego unha iniciativa da man da deputada, Rosana Pérez, para que a Xunta atendera as nosas peticións.

En novembro, convocamos unha concentración no lugar. Foron moitas as persoas que se achegaron alí, para coñecer de primeira man a deriva das obras e berrar “que nos devolvan a nosa Ponte Nafonso”. A prensa e a televisión recolleron a indignación do pobo, mais a obra seguiu adiante. E nese mes apareceu a plataforma “Salvemos Pontenafonso”, que fixo un traballo moi importante de divulgación e reivindicación.

O desleixo do PP, xunto coa cegueira do alcalde, provocou un final de furados mal feitos para desaugar os tallamares, un novo peitoril de pedra lisa sen pasar polas mans dunha persoa canteira, cun deseño distinto ao orixinal e cunha altura superior ao dos tallamares, iluminación co cableado á vista e rozas feitas na propia pedra. Uns remates que ninguén aceptaría na súa propia casa por chapuzas. O BNG puxo todo da súa parte para que se respectase o valor patrimonial da obra, mais o PP, coa súa maioría parlamentaria, botou abaixo todas as nosas propostas para salvara.

## Accións urxentes no saneamento e o perigo das Minas de San Fins

É ben sabido que unha das demandas históricas do BNG é o saneamento integral das augas residuais. Queremos ter ríos e rías limpas, un medio ambiente coidado para gozar e xerar riqueza.

Por desgraza, 40 anos de PP no goberno local e moitos outros na Xunta non fixeron máis que confirmar o seu desleixo cara esta seria problemática. Máis de 20 concellos da conca do Tambre, do que Outes tamén forma parte, seguen sen depurar o 100% das súas augas co grave perigo que isto supón para o medio ambiente e para a principal fonte de ingresos na nosa ría.

Non contentos con isto, nos últimos anos Xunta e concesionaria estiveron dando pasos adiante na reactivación da mina de San Fins.



Presa de residuos mineiros de San Fins

Unha mina que de poñerse en marcha coas medidas que propoñen suporían un risco inasumíbelde morte para a nosa ría e o marisqueo, tal e como o coñecemos.

É por iso polo que o BNG loitou contra isto nos últimos anos con accións en todos os niveis: Parlamento Europeo, Estado, Xunta e concellos. Non é aceptábel, baixo ningún pretexto, que un encoro con centos de toneladas de residuos tóxicos siga abandonado, ameazando cun vertido na ría, sen que o goberno da Xunta lle esixa responsabilidade á empresa mineira.

Queremos unha ría viva, que siga xerando riqueza para toda a veciñanza e que sexa un referente no coidado do medio ambiente.



## O BNG propón unha tarifa eléctrica propia para abaratar a luz e un novo modelo eólico

Levamos feito un intenso labor nos últimos anos para informar á veciñanza de Outes dos diferentes proxectos eólicos que están en vías de tramitación e das consecuencias que conlevarían co actual modelo eólico do PP. Logo deste traballo e de todas as alegacións da veciñanza, do BNG e das plataformas locais, catro dos parques eólicos que estaban proxectados en Outes veñen de ser paralizados ao recibiren un informe desfavorable de impacto medio ambiental. Isto é unha boa nova pero á vez, o PSOE do estado, vén de aprobar unha lei que eliminará este trámite aos proxectos máis grandes. Unha instalación tramposa e que só beneficia ás grandes empresas.

Nós apostamos por un modelo máis responsábel co medio ambiente e cunha planificación seria do uso do territorio, que aposte pola repotenciación dos parques xa existentes, que revirta os beneficios económicos de exportar electricidade abaratarando a factura da luz, que se cree unha empresa pública encargada de desenvolver e crear os novos parques eólicos e que se garantan os dereitos da veciñanza afectada, que non é só a que percibe ingresos pola instalación dos muíños no seu terreo, senón tamén a que non percibe nada, mais ten o impacto de ter o parque ao carón da súa casa.

## Candidato á alcaldía de Outes

# Un café con Anxo: "Nós queremos liderar un goberno mellor para Outes"

### Que che levou a ser candidato á alcaldía?

Os mesmos motivos que me fixeron involucrame na política no primeiro momento: ser coñecedor do inmenso paraíso no que vivimos, ser consciente dos grandes retos que temos e moitas ganas de traballar para facer valer o noso concello. Son un namorado de Outes, dos pés á cabeza e boa fe pode dar disto calquera persoa que me coñeza. Ese amor que teño polo meu concello, pola nosa xente é o que me da a forza e a decisión para ser candidato á alcaldía.

### Por que BNG?

Porque somos a forza que defende os intereses da xente traballadora. Porque a nivel galego defendemos a xestión propia dos nosos recursos para xerar riqueza aquí, a creación dunha tarifa eléctrica galega, a defensa da pesca e do marisqueo, do gando, dos dereitos civís e laborais, a defensa da sanidade pública e unha longa listaxe de propostas e obxectivos que son fundamentais para o benestar da cidadanía. Porque a nivel local somos un equipo humano con formacións e ocupacións diversas, mais cun obxectivo común: o interese por mellorar o noso concello, co obxectivo de que a xente poida traballar e quede a vivir aquí, porque creemos na nosa xente e estamos orgullosos do noso concello.

### Cales son as túas prioridades á hora de gobernar?

Como tarefa principal atender e escoitar debidamente á veciñanza e aos diferentes sectores sociais e económicos. É urxente a creación dun plan de mantemento para conseguir un correcto coidado das rúas e camiños, edificios e espazos públicos, potenciar o turismo e outros sectores económicos que sirvan para a creación de emprego de calidade, coidar e promocionar o comercio local, desenvolver o chan industrial con todas as garantías posíbeis, mellorar a xestión e recollida do lixo, reforzar os servizos sociais: nomeadamente a escola infantil e o servizo de atención no fogar e crear outros.

Todo isto resúmese nun obxectivo: facer avanzar Outes.

**Outes ten unha poboación cada vez máis maior e leva moitos anos aumentando o despoboamento, que propostas ten o BNG para solucionar isto?**



É certo que o concello ten uns recursos e competencias moi limitadas neste sentido, mais tamén é certo que calquera goberno local debería facer todo o posíbel por mellorar e mudar a situación. É fundamental apostar por uns servizos públicos dignos e de calidade, pola creación de vivenda pública para que a xente poida quedar a vivir aquí, pola promoción económica en diversos sectores para estimular a creación de emprego e polo desenvolvemento de políticas que fagan posíbel atraer novos habitantes ao noso concello.

### Unha frase que defina o teu proxecto e equipo.

Amor polo noso, traballo constante, ideas claras e moita ilusión.

### Por que pensas que a veciñanza debería confiar no proxecto do BNG?

Porque é o que realmente se preocupa por solucionar os problemas que nos afectan a todas e todos e porque é o que conta coas propostas necesarias para aproveitar o potencial de Outes. Mais sobre todo porque é un proxecto que está apoiado por un equipo humano aberto, dialogante e que pon no centro á veciñanza.

### Unha mensaxe á veciñanza

Temos un concello cheo de oportunidades, de beleza, de cultura e de xente traballadora, innovadora e orgullosa do seu. Son moitos anos nos que a vida política local só se centrou nas xestións máis básicas e, aínda así, moitas veces sen éxito. Outes precisa un goberno aberto, que escoite á veciñanza e aposte por desenvolver toda a potencialidade do noso concello. Nós queremos liderar ese goberno mellor e para iso ofrecemos a seguridade de que podemos poñer en marcha un proxecto realista e viable para solucionar os problemas máis urxentes e coa ambición necesaria para crear oportunidades e facer avanzar Outes.

Voceira nacional do BNG

## Ana Pontón: "A política municipal do BNG é referencia de prestixio, de transformación e de traballo ben feito"



**"Unha nova Galiza, concello a concello" é o lema do BNG para a precampaña das Municipais do vindeiro mes de maio.**

Exacto, si. A política municipal do BNG, o noso modelo de política local nos concellos, é un exemplo de éxito, de bo traballo, de transformación e de cambio alí onde temos capacidade de gobernar. Temos un proxecto nacional, de desenvolvemento e mellora de Galiza, que tamén se constrúe concello a concello, desde o local, cunha idea clara de política que poña en valor os recursos e potencial do noso país. Nos servizos sociais, na cultura, no modelo de urbanismo, no desenvolvemento económico dos concellos, na atención e proximidade cos veciños e veciñas, o BNG somos a referencia en positivo.

**Ten manifestado nalgunha ocasión que estas municipais son unha oportunidade para o BNG.**

Estou convencida de que imos dar un gran salto adiante. Danse as condicións para que sexa así e imos preparar as mellores candidaturas municipais da nosa historia. Temos que ser ambiciosas e facer das candidaturas do BNG un espazo amplo, con vontade de integrar persoas que queren coma nós o mellor para os nosos concellos. Hoxe en Galiza somos a referencia clara do cambio político, o BNG é unha forza política á alza, cunha valoración e apoio moi alto e temos que trasladar tamén isto aos concellos, con confianza en nós. É vital facer medrar o nacionalismo desde a base, concello a concello, e facelo incorporando, sumando, sendo en cada localidade a forza do cambio a mellor. Das eleccións municipais de maio teñen que saír máis concelleiros e concelleiras e máis gobernos BNG.

**O contexto económico en que se van dar municipais é incerto. Como valora a situación?**

Vimos de realizar, nos pasados meses, unha campaña informativa e mobilizadora moi importante, que culminou cunha manifestación nacional en Compostela o pasado 18


de decembro. O BNG está do lado das maiorías sociais, somos leais a elas e ao noso país, e estamos traballando intensamente en dúas liñas. Por un lado, na denuncia da estafa que supón esta crise de prezos, que fai que os ricos e as multinacionais se forren aínda máis a conta da sociedade. Por outra, na presentación das nosas alternativas, como forza seria e responsábel que somos. Hai propostas viábeis e rigorosas para facer fronte aos efectos da crise na vivenda, na cesta da compra, na enerxía e carburantes, nas hipotecas, nas pensións.

**Tamén a dinámica política está vivindo un momento convulso, a nivel galego e de Estado.**

A dereita non aceptou nunca, nin acepta hoxe, que a xente a poña na oposición. En Galiza, onde goberna, está dos nervios porque as enquisas sinalan que o BNG medra e que nas vindeiras Galegas o cambio político é posíbel e que Galiza pode ter unha presidenta nacionalista. Por iso os ataques ao BNG ou o control e manipulación da TVG e da Radio Galega, que van a máis cada día. No Estado vimos caer a máscara do uso político da xustiza por parte dos grandes partidos. A democracia española é de moi pouca calidade, a dereita aínda busca achicala máis e ao PSOE e Podemos, no goberno do Estado, estalles a faltar valentía para facer políticas de verdade transformadoras. Só erguen a voz cando os ataques lles tocan a eles, mais no plano económico ou no do recoñecemento da realidade plurinacional seguen a xogar no marco da dereita. Para Galiza o fundamental é unha cousa: termos voz propia e facernos valer. Necesitamos ter máis forza en Madrid e máis capacidade de defender alí os nosos intereses.

## Contacta connosco!

 @bngdeoutes e @bloque

 @bngdeoutes e @bloque

 outes@bng.gal

Séguenos nas redes sociais para manterte ao día das nosas propostas e iniciativas ou escríbenos ao correo electrónico para facernos as túas achegas.

